

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/6	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	24 de febreiro de 2025
Duración	Dende as 13:45 ata as 14:05 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	David García Lareo (Secretario acctal Decreto 2025-0151)

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 14.02.2025****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 14 de

Concello de Silleda

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

febreiro de 2025.

Expediente 321/2025. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 18 de febreiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para cobertura de necesidades básicas.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda para a cobertura de necesidades básicas de alimentación.

Segundo.- Aprobar o pago delegado, con cargo á aplicación presupostaria correspondente, a:

- Vego Supermercados S.A.U. con número de factura 02000010 e importe 49,93€

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 308/2025. Convenio de colaboración ca entidade Morcegos de Galicia**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto que no ano 2014 o Concello de Silleda asinou un convenio ca entidade Morcegos de Galicia, ca implicación da Asociación Galega de Custodia do Territorio para a conservación da colonia do morcego de ferradura pequeno, colonia en perigo de extinción que se conserva no Pombal do Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro.

Vistos os bos resultados logo dunha década de seguemento por parte da comunidade científica sobre esta especie, constatándose o acerto das medidas levadas a cabo na citada edificación.

Visto que o acordo, por dez anos, vén de rematar o seu vencemento en 2024.

Visto que é vontade do Concello de Silleda contribuir á protección desta especie protexida.

Visto que a iniciativa tamén contribúe a visibilizar a posibilidade de facer compatible a conservación desta colonica co uso turístico e cultural do Mosteiro de Carboeiro.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Asinar novamente o convenio de colaboración ca entidade Morcegos de Galicia, ca proposta de texto que a continuación se transcribe:

**ACORDO DE CUSTODIA
DA COLONIA DE MORCEGO DE FERRADURA PEQUENO
DO MOSTEIRO DE CARBOEIRO**

Reunidos en Silleda, o día XX de XX de 2025

Por unha parte Dna. Paula María Fernández Pena, con DNI XXX, como Alcaldesa do Concello de Silleda, con sede en rúa Trasdeza, 55, Silleda (Pontevedra).

E por outra Dna. Leticia Santos Fernández, con DNI XXX, presidenta de Morcegos de Galicia, con CIF G27316603 e domicilio social en Poboado Magdalena, G-2, 2º esquerda de As Pontes (A Coruña).

EXPOÑEN QUE:

- 1. O concello de Silleda realiza a xestión do mosteiro de Carboeiro e ten potestade para executar as accións contempladas no presente acordo.*
- 2. Ambos son coñecedores de que o pombal e o muiño do mosteiro albergan unha interesante colonia de morcego de ferradura pequeno (*Rhinolophus hipposideros*) e do carácter de especie ameazada deste.*
- 3. Morcegos de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins a conservación do patrimonio natural, e especialmente dos morcegos.*
- 4. Unha das ferramentas para a conservación de colonias de morcegos utilizada por Morcegos de Galicia é o acordo de custodia cos propietarios/xestores de construcións que albergan colonias de interese.*
- 5. O concello de Silleda ten a vontade de participar na conservación desta colonia de morcegos, adoptando para elo as medidas que foran precisas, contribuíndo así ao mantemento das poboacións de morcegos en Galicia.*
- 6. O presente acordo enmárcase dentro das iniciativas de conservación de refuxios de morcegos impulsado por Morcegos de Galicia.*

ACORDAN QUE:

Primeiro. Obxecto

O obxecto do presente acordo é establecer as bases para a conservación da colonia de morcegos que utiliza como refuxios o pombal e o muiño existentes no recinto do mosteiro de Carboeiro.

Segundo. Compromisos da propiedade

Polo presente acordo o concello de Silleda comprométese a:

- 1. Manter pechadas as portas do pombal (co paso para morcegos) e do muiño, de xeito que só poda acceder persoal autorizado (ver anexo I).*
- 2. Velar pola boa conservación dos refuxios.*
- 3. Non adoptar ningunha medida que implique a morte ou molestia dos morcegos, ou que impida a súa entrada ou saída do refuxio.*
- 4. No caso de ser preciso realizar obras, tratamentos químicos ou calquera actuación que puidera afectar aos morcegos, comunicalo a Morcegos de Galicia coa antelación suficiente para facer unha avaliación do impacto da mesma sobre a colonia e tomar, conxuntamente, as medidas axeitadas para minimizar as molestias á colonia.*
- 5. De facerse obrigado o desaloxo de parte ou da totalidade da colonia, de unha ou das dúas construcións, farase dacordo coas recomendacións e coa previa autorización do órgano competente da Xunta de Galicia.*

Terceiro. Compromisos da entidade de custodia (Morcegos de Galicia)

Polo presente acordo Morcegos de Galicia comprométese a:

- 1. Realizar e entregar ao concello un informe de seguimento anual da colonia que permita coñecer a evolución da mesma, así como calquera outra información sobre morcegos que o propietario demandase.*
- 2. Asesorar ao propietario no referente á colonia de morcegos e en todo o que puidera derivar da existencia da mesma.*

Cuarto. Acceso á colonia

O concello permitirá o acceso á colonia ás persoas designadas por Morcegos de Galicia co obxecto de facer o seguimento dos compromisos incluídos neste acordo, no xeito e tempos pactados previamente por ambas partes.

Quinto. Difusión do acordo

Durante a vixencia do presente acordo ambas partes farán difusión pública da existencia do mesmo, facéndose mutuo recoñecemento.

Dado o estatus de especie protexida do morcego de ferradura pequeno, Morcegos de Galicia porá en coñecemento do órgano competente da Xunta de Galicia a existencia da colonia e a sinatura do presente acordo.

Sexto. Duración

O presente acordo terá unha duración de 10 anos, ao remate dos cales se revisará e decidirá sobre a continuación do mesmo, de non darse con anterioridade algunha das circunstancias enumeradas no punto sétimo.

Sétimo. Finalización do acordo

O acordo considerárase extinto no caso da desaparición total da colonia durante un período de 2 anos consecutivos, ou de producirse actuacións na construción que impliquen o desaloxo dos morcegos.

No caso de incumprimento dos compromisos adquiridos por algunha das dúas partes ou de calquera conflito que puidera xurdir, a outra parte poderá solicitar a finalización do presente acordo. De consideralo oportuno, poderase solicitar a mediación de persoas ou entidades consensuadas por ambas partes.

De non existir vontade ou posibilidade por algunha das partes de manter o acordo, comunicárase á outra parte indicando os motivos oportunos e decidírase, en reunión de ambas partes, a extinción do mesmo.

En Silleda, a XX de XX de 2025.

*Dna. Paula María Fernández Pena
Alcaldesa de Silleda*

*Dna Leticia Santos Fernández
Presidenta de Morcegos de Galicia*

Anexo I

Descrición do refuxio

O mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro data do século X e tivo a súa época de esplendor nos séculos XI-XIII. O abandono sufrido tras a desamortización de Mendizábal, no ano 1836, levouno a un estado ruinoso aínda que foi parcialmente recuperado a partir da década de 1970.

Carboeiro foi declarado Monumento Histórico-Artístico no ano 1931. Actualmente é BIC (Ben de Interese Cultural), máxima figura de protección do patrimonio histórico.

O mosteiro está enclavado nunha península formada por un meandro do río Deza, rodeado por

formacións boscosas autóctonas dominadas por especies do xénero Quercus.

O pombal é unha pequena construción situada no extremo norte do mosteiro. Atópase nun bo estado de conservación e na actualidade permanece coa porta pechada e cunha abertura para permitir o paso dos morcegos.

O morcego de ferradura pequeno

*O morcego de ferradura pequeno (*Rinolophus hipposideros*) é unha especie da familia Rhinolophidae, que conta con tres especies en Galicia.*

É un morcego de pequeno tamaño (apenas 5 gramos de peso) que está presente en hábitats con boa cobertura forestal e utiliza principalmente construcións humanas como refuxio de cría. Esta dependencia dos refuxios antrópicos fai que a colaboración dos propietarios, xestores e usuarios das construcións que utilizan sexan fundamentais para a súa conservación.

Aínda que a especie parece contar con boa saúde poboacional en Galicia, sufriu unha forte regresión en varios países de Europa.

Na actualidade é unha especie incluída no Anexo II da Directiva 92/43/CEE (Directiva Hábitats) que obriga á designación de hábitats protexidos para a súa conservación. Está incluída, ademais no Catálogo Galego de Especies Ameazadas coa categoría de Vulnerable.

A colonia localizada no ano 2014 consta cun número aproximado de 40 adultos, o que a sitúa dentro do tamaño medio para a especie en Galicia. A súa situación xeográfica, entre a liñaxe xenética predominante no sur de Galicia e o diverso conxunto de liñaxes existente na metade norte confirenlle un gran interese desde o punto de vista da conservación da especie en Galicia.

A conservación da colonia refuxiada no pombal do mosteiro de Carboeiro e o seu uso didáctico

O pombal alberga unha colonia reprodutora de morcego de ferradura pequeno, aínda que se observan algúns exemplares ao longo de todo o ano. Nos últimos anos, as femias reprodutoras están a compartir o uso do pombal co do muiño pertencente tamén ao mosteiro.

A conservación da colonia refuxiada no pombal resulta moi doada polas dimensións e configuración da propia construción.

As medidas precisas para garantir a súa conservación son as seguintes:

1. Limitación da entrada de visitantes.

Unha das ameazas á conservación da colonia é a molestia que podería ter se houberse libre entrada de persoas no mesmo.

Para limitar a entrada de persoas non autorizadas basta con manter pechadas con chave as portas existente na actualidade. No caso do pombal, a porta xa está adaptada para permitir o tránsito dos morcegos. No caso do muiño, será preciso deixar aberta a ventá e asegurala para que non se poda pechar de xeito accidental.

2. Seguimento da colonia.

Realizarase unha visita anual en época de cría (xuño/xullo) para contar o número de exemplares adultos e, cando sexa posible, diferenciar o número de femias reprodutoras.

3. Divulgación.

A presenza da colonia de morcego de ferradura pequeno no mosteiro faino acolledor dun interesante patrimonio natural que ven a sumarse ao seu valor histórico-artístico e que debe ser divulgado para coñecemento e sensibilización das numerosas visitas que recibe este lugar.

Para este fin valorarase a instalación dun panel que informe do motivo do peche do pombal e conteña información sobre a especie.

Neste panel farase constar a existencia do presente acordo e as entidades nel implicadas.”

SEGUNDO: Facultar á alcaldesa de Silleda, Paula Fernández Pena, a asinar dito convenio en nome do Concello de Silleda.

Expediente 318/2025. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. Plan +Provincia para a activación do Emprego 2025 correspondente á Liña 3

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a resolución de concesión de subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do Emprego 2025 correspondente á Liña 3.

Visto que o obxecto da antedita axuda é a contratación laboral temporal en réxime de xornada completa, cunha xornada de 37,5h/semanais durante 9 meses, de:

-3 operarios/as varredores/as

-2 operarios/as de bacheo

-2 operarios/as de servizos varios

Examinadas as Bases para a selección do antedito persoal, redactadas polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, en data 21 de febreiro de 2025

Logo de ver o informe emitido pola Secretaría da Corporación con data de 21 de febreiro de 2025

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na

resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes bases de selección de persoal que figuran no Anexo:

- BASES PARA A SELECCIÓN DE 3 PERSOAS DESEMPREGADAS, (operarios/as varredores) PARA A REALIZACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2025, CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO Plan +Provincia para a activación do emprego 2025 correspondente á Liña 3, POLO SISTEMA DE CONCURSO NO CONCELLO DE SILLEDA.

- BASES PARA A SELECCIÓN DE 2 PERSOAS DESEMPREGADAS, (operarios/as de bacheo) PARA A REALIZACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2025, CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO Plan +Provincia para a activación do emprego 2025 correspondente á Liña 3, POLO SISTEMA DE CONCURSO NO CONCELLO DE SILLEDA

- BASES PARA A SELECCIÓN DE 2 PERSOAS DESEMPREGADAS, (operarios/as Servizos Varios) PARA A REALIZACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2025, CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO Plan +Provincia para a activación do emprego 2025 correspondente á Liña 3, POLO SISTEMA DE CONCURSO NO CONCELLO DE SILLEDA

SEGUNDO: Convocar o presente proceso de selección e solicitar oferta de persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, as persoas seleccionadas deberán presentarse no Concello nos 3 días hábiles seguintes a citación do antedito Servizo.

TERCEIRO: Aprobar o gasto por importe de 120.501,36€ Subvención concedida pola Deputación de Pontevedra, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.

CUARTO.- Publicar as bases íntegras no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Silleda para a súa axeitada difusión, así como dar conta ao pleno na seguinte sesión que se celebre.

ANEXO I

BASES PARA A SELECCIÓN DE 2 PERSOAS DESEMPREGADAS, (operarios/as de bacheo) PARA A REALIZACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2025, CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO Plan +Provincia para a activación do emprego 2025 correspondente á Liña 3, POLO SISTEMA DE CONCURSO NO CONCELLO DE SILLEDA

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

É obxecto destas bases regular o procedemento para a selección de persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e

dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

Estas contratación en Réxime laboral, atenderán á conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, conforme ás Bases publicadas no BOPPO nº1 de 2 de xaneiro do 2025, sobre “PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 “ (líña 3: Activación do Emprego 2025)

O número de traballadores/as a contratar será o que se indica a continuación:

- Un equipo de obras servizos composto por 2 postos de persoal operario bacheo

A presente convocatoria publicarase íntegra na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, e na páxina web do Concello de Silleda, e un extracto da mesma nun diario de máxima difusión.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-

Para ser admitidos/as nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a. Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional de calquera dos Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán admitidas aquelas persoas ás que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutro Estados, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei do Estatuto Básico del Empleado Público .

b. Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa

c. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se aspira, non padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das función que lle son propias. No caso de ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante certificado médico. No caso de que se teña condición de discapacitado e a súa compatibilidade, acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

d. Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. De ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.

e. Titulación: Para as prazas de peóns, non será esixible o requisito de titulación.

f. Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polas persoas aspirantes tanto no momento da finalización do prazo de presentación de instancias coma no da formalización do contrato.

O mesmo tempo e antes do inicio da actividade obxecto desta convocatoria, estará suxeito/a ao réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes (Lei 53/1994 de 26 de decembro e concordantes).

TERCEIRA.- INSTANCIAS, ADMISIÓN DE ASPIRANTES, PUBLICIDADE E DATA DE REALIZACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS

De acordo ao estipulado nas Bases publicadas no BOPPO nº1 de 2 de xaneiro o de 2025, sobre “PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 “ (líña 3: Activación do Emprego 2025), a convocatoria será realizada a partir da Presentación da correspondente OFERTA entre as persoas desempregadas, inscritas na Oficina do Servizo Público de Emprego de Lalín.

As persoas seleccionadas polo Servizo Público de Emprego deberán presentar o Anexo I, dirixido á Sra. Alcaldesa Presidenta, solicitando a súa participación no proceso selectivo, con manifestación expresa de que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos e aceptan en todos os seus termos as presentes Bases, por calquera dos medios seguintes:

a. Nos Rexistros do Concello de Silleda, presencialmente en horario de 9:00 a 14:00 de luns a venres, ou a través da Sede electrónica (<https://sede.silleda.es>)

b. Nos rexistros de calquera dos órganos ou oficinas previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En caso de non presentar a solicitude no Rexistro de Entrada de Documentos do CONCELLO DE SILLEDA ou a través da súa sede electrónica, deberá anunciarse a presentación por calquera outro medio no mesmo día en que se verifique, mediante remisión ao correo electrónico recursoshumanos@silleda.es da copia da instancia presentada.

As solicitudes deberán axustarse ao modelo oficial que será facilitado polo Concello. (Achégase como Anexo I modelo de instancia).

A presentación de instancias deberá efectuarse durante un prazo de TRES (3) DÍAS HÁBILES, a contar desde o seguinte á citación do SEPE.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, farase pública na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda a lista provisional aprobada de persoas aspirantes admitidas e excluídas, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para

presentar reclamacións ou emendar deficiencias. Emendadas ou non as deficiencias das solicitudes, e, examinadas no seu caso as reclamacións presentadas en prazo, resolverase definitivamente pola Alcaldía, e farase pública a relación definitiva de admitidos e excluídos.

A convocatoria do proceso selectivo, a admisión e exclusión de aspirantes, a composición do Órgano de Selección e os sucesivos anuncios do Órgano de Selección que desenvolvan esta convocatoria ata finalizar o proceso de selección, publicaranse na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda.

Unha vez nomeada a composición do Tribunal, e si non se presenta recusación contra calquera dos seus membros, nese caso habería de resolverse de xeito expreso de conformidade co previsto na lei 39/2015, procederase a publicar nos medios establecidos o lugar, data e hora da realización das probas selectivas.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

No prazo estipulado para a presentación de instancias previsto, e acompañando a esta (Anexo I), as persoas aspirantes deberán presentar copia dos seguintes documentos:

- a) Citación do SEPE
- b) Fotocopia do DNI
- c) Copia da tarxeta de demanda de emprego actualizada.
- d) Xustificantes que consideren oportunos relativos á fase de concurso de méritos

QUINTA.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

O órgano de selección encargado de xulgar os méritos achegados adoptará a forma de Tribunal de Valoración, e será designado pola Alcaldía Presidencia, facéndose publica a súa composición xunto coa resolución que aprobe a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

O Tribunal de Valoración estará composto por un mínimo de cinco membros: Un/a presidente/a, un/a secretario/a, e tres vocais. Designarase igual número de suplentes. Todos terán voz e voto.

A pertenza ao Tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación ou por conta de ningunha outra persoa.

A composición deste órgano colexiado responderá os principios de profesionalidade e especialización dos seus membros, axustándose ás regras de imparcialidade e obxectividade.

Tamén se observará a paridade indicada no artigo 53 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes.

Os membros do Tribunal deberán pertencer a un subgrupo de clasificación igual ou superior ao esixido para os postos convocados e posuír un grao persoal ou desempeñar un posto de traballo de nivel igual ou superior ao dos postos convocados.

Non poderán formar parte o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual, salvo causa xustificada e motivada na carencia doutro persoal competente para formar parte do órgano de valoración.

Para a válida constitución do Tribunal, requirirase a presenza do presidente/a e do secretario/a ou, no seu caso, de quen lles substitúa, e sempre existindo un mínimo de tres membros.

Os membros do Tribunal estarán suxeitos ao réxime de abstención e recusación establecidos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal adoptará as súas decisións por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do presidente/a.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores e especialistas durante o proceso selectivo, con carácter consultivo e non vinculante.

O Tribunal terá a potestade de resolver as dúbidas que poidan exporse e adoptar os acordos precisos para a boa orde do proceso en todo o non previsto nas presentes bases e na normativa aplicable.

O Tribunal poderá requirir as persoas aspirantes, en calquera momento do proceso, a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. Así mesmo, se durante o desenvolvemento do proceso selectivo, tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algún dos aspirantes carece da capacidade funcional para o desempeño das tarefas e funcións habituais da categoría obxecto da convocatoria, solicitará informe preceptivo dos órganos técnicos competentes, que deberá ser emitido no prazo máximo de dez días e terá o carácter de determinante para resolver. Desta actuación darase coñecemento ao interesado, ao obxecto de que poida formular as alegacións que estime oportunas.

Se do contido do informe desprendécese que a persoa aspirante carece de capacidade funcional requirida, ou dos requisitos esixidos, o Tribunal, previa audiencia da persoa interesada, emitirá proposta motivada de exclusión do proceso selectivo dirixida ao órgano convocante do mesmo

As resolucións do Tribunal vincularán á Administración, aínda que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión conforme ao previsto na normativa sobre procedemento administrativo.

As resolucións do Tribunal poderán ser revisadas de oficio, en virtude do preceptuado nos artg. 106 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, ou a instancia da persoa interesado pola interposición dos recursos administrativos que correspondan conforme aos artg. 112 e seguintes da mesma norma. Co fin de poder resolver as cuestións que se susciten, o Tribunal quedará constituído ata que se esgoten os prazos legais de interposición de recursos, podendo ser convocados en calquera momento.

O Tribunal de Valoración quedará incluído na categoría que corresponda ao grupo de titulación ao

que pertence a praza convocada, conforme ao preceptuado no artigo 30 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo

SEXTA. - SISTEMA DE SELECCIÓN SERÁ O DE CONCURSO

Farase a través do sistema de concurso de méritos, porque é o máis adecuado para seleccionar ao profesional máis cualificado para o desempeño dos postos, en tanto á experiencia en postos de similar contido.

Valoraranse os méritos acreditados documentalmente no momento da presentación das solicitudes.

En caso de empate, terán preferencia por esta orde os seguintes grupos:

- Persoas en desemprego de longa duración.
- Mulleres con baixa cualificación.
- Persoas candidatas maiores de 45 anos.
- Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación.
- Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego.
- Vítimas de violencia de xénero.
- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillasou fillos ao seu cargo.
- Persoas candidatas con niveis de renda máis baixos.

Unha vez valoradas as probas e as circunstancias persoais, no caso de empate, proporanse aos candidatos/as para cada posto de traballo en función das puntuacións obtidas. O resultado comunicaráselle persoalmente as persoas seleccionadas e o resto poderá consultar as listaxes coas puntuacións no taboleiro da sede electrónica do Concello de Silleda.

O Tribunal valorará en primeiro lugar a entrevista curricular e unha vez valorada esta procederáse á valoración do resto dos méritos presentados polas persoas aspirantes.

A nota final do antedito CONCURSO, 10 puntos, obteranse sumando as notas obtidas nos apartados de: entrevista, situación laboral e formación.

A. ENTREVISTA: Máximo 3 puntos

A entrevista puntuarase, a criterio ponderado do órgano de selección, ata un máximo de 3 puntos.

Consistirá na contestación a preguntas formuladas polos membros do órgano de selección, valorándose principalmente a aptitude e actitude, habilidades, valores, e coñecementos relacionados co postos de traballo a cubrir.

A data, lugar e hora de celebración da entrevista publicarase na Resolución pola que se aprobe a lista definitiva das persoas candidatas admitidas e excluídas, cunha antelación mínima de tres días hábiles.

A orde de actuación iniciarase alfabeticamente pola primeira persoa aspirante da letra «F», segundo RESOLUCIÓN do 21 de xaneiro de 2025 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A non presentación dunha persoa candidata á entrevista, unha vez finalizado o chamamento, determinará automaticamente o decaemento dos seus dereitos para participar no exercicio, quedando excluída do procedemento selectivo.

Identificación das persoas candidatas.- O Tribunal identificaraas ao comezo da entrevista, a cuxos efectos deberán asistir provistos do documento de identificación correspondente.

B. SITUACIÓN LABORAL: Máximo 3 ptos

- Por estar en situación de desemprego, 0,10 por cada mes completo (máximo de 2,60 puntos).

A permanencia en situación de desemprego acreditarase mediante documento acreditativo de períodos de desemprego, emitido pola Oficina de Emprego. Unicamente se terá en conta o último período de permanencia nesta situación.

- Por estar inscrito/a na Bolsa de Emprego do Concello, (0,40 puntos).

C. FORMACIÓN: Máximo 4 puntos

Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes administracións públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención de riscos, cos dereitos e deberes do persoal empregado público, coa igualdade, a protección de datos, a atención á cidadanía, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

Valoración dos cursos:

- a) De máis de 120 horas duración: 0,90 puntos por curso
- b) De entre 100 e 120 horas de duración: 0,70 puntos por curso.
- c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,50 puntos por curso.
- d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,25 puntos por curso.
- e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Os anteditos cursos acreditarase, obrigatoriamente, mediante fotocopia destes.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

SÉTIMA.- CUALIFICACIÓN DAS PROBAS E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

Rematada a baremación do concurso das polas persoas aspirantes, o Tribunal publicará na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, e na páxina web do Concello de Silleda, a relación provisional das persoas aspirantes coas puntuacións obtidas por orde decrecente.

Contra a baremación do tribunal, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da dita baremación.

Resoltas, se procede, as reclamacións, o Tribunal procederá á publicación na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, da relación definitiva da fase de concurso das persoas aspirantes coas puntuacións obtidas por orde decrecente, que elevará ao órgano competente como proposta de resolución.

OITAVA.- SINATURA DE CONTRATO-

A persoas seleccionadas para os postos polo Tribunal, presentarán no Rexistro do Concello, dentro do prazo que se estableza, os documentos acreditativos das condicións para tomar parte na convocatoria:

- a. Copia compulsada do DNI.
- b. Copias compulsadas das titulacións presentadas como méritos
- c. Certificado médico orixinal acreditativo da súa capacidade funcional, de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ao posto que se optou. O certificado non poderá levar data de máis dunha semana anterior ao chamamento e deberá estar asinado por un médico colexiado e en modelo oficial ou legalmente válido, onde conste o nome do facultativo e número de colexiado
- d. Declaración responsable de non ser separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.

As persoas aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos órganos ou da administración sanitaria acreditativo da capacidade para o desempeño das tarefas correspondentes.

Se as persoas seleccionadas para os postos que non presentasen a citada documentación dentro do prazo concedido, salvo causas de forza maior xustificadas, non poderá ser nomeadas para o posto, quedando anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude.

Nestes supostos ou no caso de renuncia por parte do/a candidato/as proposto/a que obtivera a máxima puntuación, poderá nomearse aos seguintes por orde de puntuación entre as persoas candidatas. Así mesmo as persoas aspirantes non seleccionados poderán entrar nunha bolsa de traballo –pola orde da súa puntuación- para posibles substitucións e ata a alta da persoa substituída.

Unha vez comprobado que a persoa aspirante proposta presentou a documentación esixida, o Sra. Alcadesa-Presidenta, resolverá o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral, conforme ao previsto na vixente lexislación.

Incorporarase ao seu posto de traballo no prazo de dous días logo da formalización do contrato laboral.

Quen resulte nomeado/a para ocupar o posto quedará sometido/a ao réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

NOVENA.- PUBLICIDADE

As presentes Bases publicaranse, integramente no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica deste Concello, e na páxina web do mesmo . Os posteriores anuncios que desenvolvan este proceso selectivo publicaranse no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica, e na páxina web deste Concello.

DÉCIMO.- INCIDENCIAS

O Órgano de Selección queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases e sempre que non se opoñan ás mesmas.

No caso de que durante a celebración das probas selectivas obsérvese polo Tribunal que algunha das persoas aspirantes non reúne un ou máis requisitos esixidos na convocatoria, poderá propoñer ao Sr. Alcalde Presidente a súa exclusión das probas, previa audiencia ao interesado.

DÉCIMO PRIMEIRA- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O tratamento dos datos persoais levarase a cabo segundo o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO SEGUNDA .- CONSENTIMENTO E TRATAMENTO DE DATOS

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade, en cumprimento da **Lei**

Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do **Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPd)**, relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPd, informámoslle que os datos recabados que Vd. nos facilita e achega nesta solicitude, serán incorporados a un **Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Silleda**.

E polo que, os datos persoais dos participantes ou solicitantes de ofertas de emprego deste Concello, serán tratados para o proceso selectivo no que vostede solicita participar, e o tratamento farase tendo en conta as seguintes indicacións:

12.1.- Responsable do tratamento dos seus datos persoais: Concello de Silleda.

12.2.- Finalidade do tratamento dos seus datos persoais: Ao facilitar e aportar os datos como candidato e interesado en formar parte do proceso selectivo, vostede dá o consentimento para dita información que facilita sexa recompilada, utilizada, xestionada e tratada para este fin por este Responsable de Tratamento, só como se describe nas bases de este concurso e con esta única finalidade, indicámoslle que os seus datos serán suprimidos unha vez que xa remate os termos e fin da modalidade contractual ou que as obrigacións legais así o establezan, os seus datos así como aquela documentación achegada por vostede o longo do tempo do tratamento formarán parte dun “Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Silleda” ca finalidade única de xestión e selección de persoal que se leva a cabo mediante o sistema de concurso, é no que se valoran os méritos presentados polos/as aspirantes, de conformidade co exposto nas presentes bases é a selección e posterior contratación do posto ofertado.

12.3.- Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos é o **consentimento que vostede concede** ou o do seu representado ca cumplimentación da solicitude como solicitante de formar parte do proceso selectivo, e tamén o abeiro das propias que se empregan para contratos de traballo das entidades locais.

12.4.- Os seus dereitos: Como persoa interesada poderá acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a supresión, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso unicamente o Concello os conservará para o exercicio ou a defensa de reclamacións. Tamén, si desexa acadar máis información en canto o tratamento de datos ou exercer os seus dereitos, o xeito de informar establecémoslo por capas e poñemos á súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar así como exercer os seus dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy>. 1, tamén poderá solicitar estes enviando escrito o Rexistro Xeral do Concello en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra, en canto a obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos poderá presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos pode solicitalos ante este Responsable de Tratamento en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra, ou tamén dirixíndose por vía mail a: info@silleda.gal ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

12.5.-Segredo e seguridade dos datos: Este responsable, comprométese no tratamento e uso

dos datos persoais das persoas interesadas, a facelo gardando a súa confidencialidade e de acordo coa súa finalidade, así como a dar cumprimento á súa obriga de gardalos e implementar as medidas de seguridade para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, de conformidade co establecido na normativa vixente en protección de datos. No tratamento dos seus datos, aplicaremos a normativa de protección de datos é políticas de seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade e o propio RXPd e LOPDGD.

12.6.- Cesión de datos: Non están previstas cesións máis alá das indicadas nas bases de este proceso selectivo.

DÉCIMO TERCEIRA RECURSOS

As presentes Bases poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, mediante recurso potestativo de reposición, ante a Alcaldía no prazo dun mes, a contar desde o seguinte ao da publicación na páxina web do Concello de Silleda, segundo dispoñen os artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, e, no seu caso, contra a Resolución expresa ou presunta do mesmo, poderán interpoñer no seu momento o oportuno recurso contencioso-administrativo.

Así mesmo, contra a presente convocatoria poderase interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo directamente, no prazo de dous meses, a contar desde o seguinte á publicación da convocatoria nos medios expresados no anterior parágrafo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que corresponda de Pontevedra, de conformidade co previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Os demais actos administrativos que se deriven da presente convocatoria, e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Silleda, na data da sinatura electrónica

ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA, POLO SISTEMA DE CONCURSO NO CONCELLO DE SILLEDA. (OPERARIO/A de BACHEO)

D/D^a..... co D.N.I. núm., e con enderezo a efectos de notificacións en do Concello de..... código postal.....provincia de teléfono núm., correo-e:.....coñecedor/a da convocatoria para cubrir prazas

EXPÓN: Que tendo coñecemento da convocatoria pública efectuada polo Concello de Silleda, desexa participar na selección para a realización da obra ou servizo denominado PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2025, con cargo ao Concello de Silleda e ao Plan de Emprego (activación do emprego 2025 – Liña 3) da Deputación de Pontevedra.

Declarando que son certos os datos consignados na mesma, que coñece o contido das bases

reguladoras da convocatoria e que na data da presentación da solicitude reúne todas as condicións e requisitos esixidos nas bases.

Xunto coa presente solicitude, acompaño:

- Citación do SEPE
- Copia do D.N.I. ou documento equivalente
- Documento acreditativo do tempo de permanencia en desemprego
- Copia dos documentos acreditativos, relativos á fase de concurso de méritos: situación laboral, titulacións, cursos.

SOLICITO: Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación que se xunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado ao efecto da provisión dos postos.

Silleda, _____ de _____ de 2025

Asdo.:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA)

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nome e apelidos.....núm. DNI.:.....con
endereço a efectos de notificación
en..... con núm. de
teléf.....correo-e:.....

Que de ser seleccionado/a para o POSTO DE OPERARIO/A BACHEO CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO Plan +Provincia para a activación do emprego 2025 correspondente á Liña 3, POLO SISTEMA DE CONCURSO

Declara responsablemente:

- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias das prazas obxecto desta convocatoria.

- Non estar afectado/a por ningunha causa de incapacidade nin por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

- Reunir os requisitos xerais e específicos esixidos para tomar parte no proceso selectivo.

Silleda, _____ de _____ de 2025

Asdo.:

BASES PARA A SELECCIÓN DE 2 PERSOAS DESEMPREGADAS, (operarios/as Servizos Varios) PARA A REALIZACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2025, CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO Plan +Provincia para a activación do emprego 2025 correspondente á Liña 3, POLO SISTEMA DE CONCURSO NO CONCELLO DE SILLEDA

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes administracións públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención de riscos, cos dereitos e deberes do persoal empregado público, coa igualdade, a protección de datos, a atención á cidadanía, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

Valoración dos cursos:

- a) De máis de 120 horas duración: 0,90 puntos por curso
- b) De entre 100 e 120 horas de duración: 0,70 puntos por curso.
- c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,50 puntos por curso.
- d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,25 puntos por curso.
- e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Os anteditos cursos acreditarase, obrigatoriamente, mediante fotocopia destes.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso

en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

SÉTIMA.- CUALIFICACIÓN DAS PROBAS E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

Rematada a baremación do concurso, o Tribunal publicará na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, e na páxina web do Concello de Silleda, a relación provisional das persoas aspirantes coas puntuacións obtidas por orde decrecente.

Contra a baremación do tribunal, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da dita baremación.

Resoltas, se procede, as reclamacións, o Tribunal procederá á publicación na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, e na páxina web do Concello de Silleda, da relación definitiva da fase de concurso das persoas aspirantes coas puntuacións obtidas por orde decrecente, que elevará ao órgano competente como proposta de resolución.

OITAVA.- SINATURA DE CONTRATO-

A persoas seleccionadas para os postos polo Tribunal, presentarán no Rexistro do Concello, dentro do prazo que se estableza, os documentos acreditativos das condicións para tomar parte na convocatoria:

- a. Copia compulsada do DNI.
- b. Copias compulsadas das titulacións presentadas como méritos.
- c. Certificado médico orixinal acreditativo da súa capacidade funcional, de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ao posto que se optou. O certificado non poderá levar data de máis dunha semana anterior ao chamamento e deberá estar asinado por un médico colexiado e en modelo oficial ou legalmente válido, onde conste o nome do facultativo e número de colexiado.
- d. Declaración responsable de non ser separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.

As persoas aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos órganos ou da administración sanitaria acreditativo da capacidade para o desempeño das tarefas correspondentes.

Se as persoas seleccionadas para os postos non presentasen a citada documentación dentro do prazo concedido, salvo causas de forza maior xustificadas, non poderá ser nomeadas para o posto, quedando anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude.

Nestes supostos ou no caso de renuncia por parte do/a candidato/as proposto/a que obtivera a máxima puntuación, poderá nomearse aos seguintes por orde de puntuación entre as persoas candidatas. Así mesmo as persoas aspirantes non seleccionados poderán entrar nunha bolsa de traballo –pola orde da súa puntuación- para posibles substitucións e ata a alta da persoa substituída.

Unha vez comprobado que a persoa aspirante proposta presentou a documentación esixida, o Sra. Alcadesa-Presidenta, resolverá o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral, conforme ao previsto na vixente lexislación.

Incorporarase ao seu posto de traballo no prazo de dous días logo da formalización do contrato laboral.

Quen resulte nomeado/a para ocupar o posto quedará sometido/a ao réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

NOVENA.- PUBLICIDADE

As presentes Bases publicaranse, integramente no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica deste Concello, e na páxina web do mesmo . Os posteriores anuncios que desenvolvan este proceso selectivo publicaranse no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica, e na páxina web deste Concello.

DÉCIMO.- INCIDENCIAS

O Órgano de Selección queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases e sempre que non se opoñan ás mesmas.

No caso de que durante a celebración das probas selectivas obsérvese polo Tribunal que algunha das persoas aspirantes non reúne un ou máis requisitos esixidos na convocatoria, poderá propoñer ao Sr. Alcalde Presidente a súa exclusión das probas, previa audiencia ao interesado.

DÉCIMO PRIMEIRA- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O tratamento dos datos persoais levarase a cabo segundo o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO SEGUNDA .- CONSENTIMENTO E TRATAMENTO DE DATOS

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade, en cumprimento da **Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)** e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do **Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPd)**, relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPd, informámoslle que os datos recabados que Vd. nos facilita e achega nesta solicitude, serán incorporados a un **Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Silleda**.

E polo que, os datos persoais dos participantes ou solicitantes de ofertas de emprego deste Concello, serán tratados para o proceso selectivo no que vostede solicita participar, e o tratamento farase tendo en conta as seguintes indicacións:

12.1.- Responsable do tratamento dos seus datos persoais: Concello de Silleda.

12.2.- Finalidade do tratamento dos seus datos persoais: Ao facilitar e aportar os datos como candidato e interesado en formar parte do proceso selectivo, vostede dá o consentimento para dita información que facilita sexa recompilada, utilizada, xestionada e tratada para este fin por este Responsable de Tratamento, só como se describe nas bases de este concurso e con esta única finalidade, indicámoslle que os seus datos serán suprimidos unha vez que xa remate os termos e fin da modalidade contractual ou que as obrigacións legais así o establezan, os seus datos así como aquela documentación achegada por vostede o longo do tempo do tratamento formarán parte dun “Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Silleda” ca finalidade única de xestión e selección de persoal que se leva a cabo mediante o sistema de concurso, é no que se valoran os méritos presentados polos/as aspirantes, de conformidade co exposto nas presentes bases é a selección e posterior contratación do posto ofertado.

12.3.- Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos é o **consentimento que vostede concede** ou o do seu representado ca cumplimentación da solicitude como solicitante de formar parte do proceso selectivo, e tamén o abeiro das propias que se empregan para contratos de traballo das entidades locais.

12.4.- Os seus dereitos: Como persoa interesada poderá acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a supresión, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso unicamente o Concello os conservará para o exercicio ou a defensa de reclamacións. Tamén, si desexa acadar máis información en canto o tratamento de datos ou exercer os seus dereitos, o xeito de informar establecémoslo por capas e poñemos á súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar así como exercer os seus dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy>.¹, tamén poderá solicitar estes enviando escrito o Rexistro Xeral do Concello en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra, en canto a obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos poderá presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos pode solicitalos ante este Responsable de Tratamento en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra, ou tamén dirixíndose por vía mail a: info@silleda.gal ditas solicitudes **deberán** dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu

DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

12.5.-Segredo e seguridade dos datos: Este responsable, comprométese no tratamento e uso dos datos persoais das persoas interesadas, a facelo gardando a súa confidencialidade e de acordo coa súa finalidade, así como a dar cumprimento á súa obriga de gardalos e implementar as medidas de seguridade para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, de conformidade co establecido na normativa vixente en protección de datos. No tratamento dos seus datos, aplicaremos a normativa de protección de datos é políticas de seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade e o propio RXPd e LOPDGDD.

12.6.- Cesión de datos: Non están previstas cesións mais alá das indicadas nas bases de este proceso selectivo.

DÉCIMO TERCEIRA RECURSOS

As presentes Bases poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, mediante recurso potestativo de reposición, ante a Alcaldía no prazo dun mes, a contar desde o seguinte ao da publicación na páxina web do Concello de Silleda, segundo dispoñen os artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, e, no seu caso, contra a Resolución expresa ou presunta do mesmo, poderán interpoñer no seu momento o oportuno recurso contencioso-administrativo.

Así mesmo, contra a presente convocatoria poderase interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo directamente, no prazo de dous meses, a contar desde o seguinte á publicación da convocatoria nos medios expresados no anterior parágrafo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que corresponda de Pontevedra, de conformidade co previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Os demais actos administrativos que se deriven da presente convocatoria, e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Silleda, na data da sinatura electrónica

ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA, POLO SISTEMA DE CONCURSO NO CONCELLO DE SILLED A. (OPERARIO/A VARREDOR/A)

D/D^a..... co D.N.I. núm., e con
endereço a efectos de notificacións en
..... do Concello
de..... código postal.....provincia de teléfono núm.
....., correo-e:.....coñecedor/a da
convocatoria para cubrir prazas

EXPÓN: Que tendo coñecemento da convocatoria pública efectuada polo Concello de Silleda, desexa participar na selección para a realización da obra ou servizo denominado PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2025, con cargo ao Concello de Silleda e ao Plan de Emprego (activación do emprego 2025 – Liña 3) da Deputación de Pontevedra.

Declarando que son certos os datos consignados na mesma, que coñece o contido das bases reguladoras da convocatoria e que na data da presentación da solicitude reúne todas as condicións e requisitos esixidos nas bases.

Xunto coa presente solicitude, acompaño:

- Citación do SEPE
- Copia do D.N.I. ou documento equivalente
- Documento acreditativo do tempo de permanencia en desemprego
- Copia dos documentos acreditativos, relativos á fase de concurso de méritos: situación laboral, titulacións, cursos.

SOLICITO: Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación que se xunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado ao efecto da provisión dos postos.

Silleda, _____ de _____ de 2025

Asdo.:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA)

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nome e apelidos.....núm. DNI.:.....con enderezo
a efectos de notificación
en..... con núm. de
teléf.....correo-e:.....

Que de ser seleccionado/a para o POSTO DE OPERARIO/A VARREDOR/A CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO Plan +Provincia para a activación do emprego 2025 correspondente á Liña 3, POLO SISTEMA DE CONCURSO

Declara responsablemente:

- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar. Non

padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias das prazas obxecto desta convocatoria.

- Non estar afectado/a por ningunha causa de incapacidade nin por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

- Reunir os requisitos xerais e específicos esixidos para tomar parte no proceso selectivo.

Silleda, _____ de _____ de 2025

Asdo.:

Expediente 1132/2021. Licenza ou Autorización Urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023).

ANTECEDENTES:

Remitímonos ós antecedentes que se recollen no expediente administrativo que obra neste Concello (Expediente nº 1132/2021), así,

1º.-Consta no expediente que o 28 de febreiro de 2023 (rexistro de entrada 2023-E-RE-233), o

representante do solicitante solicita licencia dentro do expediente 1132/2021, para unha edificación auxiliar ao “Proyecto básico y de ejecución de rehabilitación de edificio para vivienda unifamiliar”. Achegase coa solicitude:

- “Anexo para edificación auxiliar del proyecto básico y de ejecución de rehabilitación de edificio para vivienda unifamiliar”, asinado pola arquitecta Alicia Gómez Bala, con data “Febrero 2023”, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, visado nº 2204248,3 de 28/02/2023 e CVE: ADDF686F34B4 (www.coag.es/cve).

- Autorización para a “Recuperación de edificación auxiliar” (expediente nº 307/21), situada en Sestelo, 5 (referencia catastral 36052A056003660000KQ), parroquia de San Miguel de Siador, concello de Silleda. Documento con data 27/06/2022 e CVE: E0p78CDQflv6 (<https://sede.xunta.gal/cve>).

2º.- Consta no expediente que o día 19/06/2023 (rexistro de entrada 2023-E-RE-747), o representante do solicitante achega a seguinte documentación:

- “Modificado del: Anexo para edificación auxiliar del proyecto básico y de ejecución de rehabilitación de edificio para vivienda unifamiliar”, asinado pola arquitecta Alicia Gómez Bala, con data “Junio 2023”, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, visado nº 2204248,4 de 16/06/2023 e CVE: ADB5CD7C9B06 (www.coag.es/cve).

3º.- Consta no expediente que o 08 de outubro de 2024, o arquitecto técnico municipal emite informe con requirimento de documentación a emendar. Informe remitido na data 09/10/2024 o interesado (rexistro de saída 2024-S-RE-1178).

4º.- Con data 05 de novembro de 2024 (rexistro de entrada 2024-E-RE-1726), o representante do solicitante achega a seguinte documentación:

- “Anexo para edificación auxiliar del proyecto básico y de ejecución de rehabilitación de edificio para vivienda unifamiliar”, asinado pola arquitecta Alicia Gómez Bala, con data en informe de visado “04 de novembro de 2024”, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, visado nº 2204248,5 de 04/11/2024 e CVE: ADA19846BC2C (www.coag.es/cve).

- Instancia con aclaracións para o requirimento realizado polo arquitecto técnico municipal con data 08/10/2024.

5º.- O día 12 de decembro de 2024 (rexistro de entrada 2024-E-RE-1993), Pablo Rivas Cortes, en representación do solicitante achega a seguinte documentación:

- “Anexo para edificación auxiliar del proyecto básico y de ejecución de rehabilitación de edificio para vivienda unifamiliar”, asinado pola arquitecta Alicia Gómez Bala, con data en informe de visado “12 de decembro de 2024”, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, visado nº 2204248,6 de 12/12/2024 e CVE: ADC100791440 (www.coag.es/cve).

- Oficio de dirección de obra para “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA VIVIENDA UNIFAMILIAR Y EDIFICACIÓN AUXILIAR” encomendada a Alicia Gómez Bala, con data “11 de decembro de 2024”, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, visado nº 2204248,7 de 12/12/2024 e CVE: AD67AE26945E (www.coag.es/cve).

- Rexistro electrónico de “INCORPORACIÓN AL PROY. ORIGINAL DE ANEXO PARA EDIFICACIÓN AUXILIAR” para o expediente E21003275 (Dirección de ejecución reforma vivienda + Coordinación de Seguridad) presentado por Juan Jesús Rodríguez Núñez no “Colegio Oficial de la Arquitectura Técnica de Pontevedra”, con data 09/12/2024, e CVE: 8SS7N0SS867S (www.coatpo.es).

- Modelo F02 | Autoliquidación para un PEM de 29.001,85€, resultando unha taxa a ingresar de 712,54€.

- Xustificante de pago de taxa por un importe de 712,54€.

6º.- O 16 de decembro de 2024 (rexistro de entrada 2024-E-RE-2011), Pablo Rivas Cortes, en representación do solicitante achega a seguinte documentación:

- “Pre-solicitud para la tramitación de servidumbres aeronáuticas”.

7º.- Consta que o día 16 de xaneiro de 2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-67), Pablo Rivas Cortes, en representación do solicitante achega a seguinte documentación:

- Autorización de AESA, con data “14 enero 2025”, e CSV: AESASRVAISA000J2184MJPSL7JDA (<https://sede.seguridadaerea.gob.es/sede-aesa>).

8º.- O 30 de xaneiro de 2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-138), Pablo Rivas Cortes, en representación do solicitante achega a seguinte documentación:

- Escritura de nombramento de Pablo Rivas Cortes como administrador único do solicitante (Gestora de planeamiento de suelo, S.L.), con data 03/11/2023.

9º.- Consta no expediente **informe favorable** para “os traballos contemplados no **“Anexo para edificación auxiliar del proyecto básico y de ejecución de rehabilitación de edificio para vivienda unifamiliar”**, asinado pola arquitecta Alicia Gómez Bala, con data “Febrero 2023”, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, visado nº 2204248,3 de 28.02.2023, así como nas modificacións posteriores o mesmo recollidas nos antecedentes, con números de visado 2204248,4; 2204248,5 e 2204248,6...”, no lugar de Sestelo, 5, Parroquia de San Miguel de Siador - Concello de Silleda, asinado polo arquitecto técnico municipal, Elías González Roma, de data 30 de xaneiro de 2025.

O informe favorable do arquitecto técnico recolle o seguinte:

“Elías González Roma, arquitecto técnico municipal do Concello de Silleda (Pontevedra), vista a documentación que integra a solicitude de licenza urbanística recollida no expediente nº 1132/2021, así como no expediente relacionado nº 805/2022; informo:

1. **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda (PXOM en adiante), aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023).

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana
- R.D. 763/2017, de 21 de xullo, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago

2. INFORME:

De conformidade coas determinacións aplicables e nos termos dos artigos 142 e 143 da LSG e artigos 348, 352 a 358 do RLSG, pásanse a analizar a continuación, as determinacións esixibles ao control municipal dos actos de transformación, construción, edificación e uso do solo ou do subsolo suxeitos a licenza municipal.

2.1. Antecedentes e documentación presentada polo interesado:

2.1.1. Remítese aos do expediente administrativo.

2.1.2. O día 28/02/2023 (registro de entrada 2023-E-RE-233), o representante do solicitante solicita licenza dentro do expediente 1132/2021, para unha edificación auxiliar ao "Proyecto básico y de ejecución de rehabilitación de edificio para vivienda unifamiliar". Achégase coa solicitude:

- "Anexo para edificación auxiliar del proyecto básico y de ejecución de rehabilitación de edificio para vivienda unifamiliar", asinado pola arquitecta Alicia Gómez Bala, con data "Febrero 2023", visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, visado nº 2204248,3 de 28/02/2023 e CVE: ADDF686F34B4 (www.coag.es/cve).
- Autorización para a "Recuperación de edificación auxiliar" (expediente nº 307/21), situada en Sestelo, 5 (referencia catastral 36052A056003660000KQ), parroquia de San Miguel de Siador, concello de Silleda. Documento con data 27/06/2022 e CVE: E0p78CDQflv6 (<https://sede.xunta.gal/cve>)

2.1.3. O día 19/06/2023 (registro de entrada 2023-E-RE-747), o representante do solicitante achega a seguinte documentación:

- "Modificado del: Anexo para edificación auxiliar del proyecto básico y de ejecución de rehabilitación de edificio para vivienda unifamiliar", asinado pola arquitecta Alicia Gómez Bala, con data "Junio 2023", visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, visado nº 2204248,4 de 16/06/2023 e CVE: ADB5CD7C9B06 (www.coag.es/cve).

2.1.4. O día 08/10/2024, o arquitecto técnico municipal emite informe con requirimento de documentación a emendar. Informe remitido na data 09/10/2024 o interesado (registro de saída 2024-S-RE-1178).

2.1.5. O día 05/11/2024 (registro de entrada 2024-E-RE-1726), o representante do solicitante achega a seguinte documentación:

- "Anexo para edificación auxiliar del proyecto básico y de ejecución de rehabilitación de edificio para vivienda unifamiliar", asinado pola arquitecta Alicia Gómez Bala, con data en informe de visado "04 de novembro de 2024", visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, visado nº 2204248,5 de 04/11/2024 e CVE: ADA19846BC2C (www.coag.es/cve).
- Instancia con aclaracións para o requirimento realizado polo arquitecto técnico municipal con data 08/10/2024.

2.1.6. O día 12/12/2024 (registro de entrada 2024-E-RE-1993), Pablo Rivas Cortes, en representación do solicitante achega a seguinte documentación:

- "Anexo para edificación auxiliar del proyecto básico y de ejecución de rehabilitación de edificio para vivienda unifamiliar", asinado pola arquitecta Alicia Gómez Bala, con data en informe de visado "12 de decembro de 2024", visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, visado nº 2204248,6 de 12/12/2024 e CVE: ADC100791440 (www.coag.es/cve).
- Oficio de dirección de obra para "REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA VIVIENDA UNIFAMILIAR Y

EDIFICACIÓN AUXILIAR” encomendada a Alicia Gómez Bala, con data “11 de decembro de 2024”, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, visado nº 2204248,7 de 12/12/2024 e CVE: AD67AE26945E (www.coag.es/cve).

- Rexistro electrónico de “INCORPORACIÓN AL PROY. ORIGINAL DE ANEXO PARA EDIFICACIÓN AUXILIAR” para o expediente E21003275 (Dirección de ejecución reforma vivienda + Coordinación de Seguridad) presentado por Juan Jesús Rodríguez Núñez no “Colegio Oficial de la Arquitectura Técnica de Pontevedra”, con data 09/12/2024, e CVE: 8SS7N0SS867S (www.coatpo.es).
- Modelo F02 | Autoliquidación para un PEM de 29.001,85€, resultando unha taxa a ingresar de 712,54€.
- Xustificante de pago de taxa por un importe de 712,54€.

2.1.7. O día 16/12/2024 (registro de entrada 2024-E-RE-2011), Pablo Rivas Cortes, en representación do solicitante achega a seguinte documentación:

- “Pre-solicitud para la tramitación de servidumbres aeronáuticas”.

2.1.8. O día 16/01/2025 (registro de entrada 2025-E-RE-67), Pablo Rivas Cortes, en representación do solicitante achega a seguinte documentación:

- Autorización de AESA, con data “14 enero 2025”, e CSV: AESASRVAAISA000J2184MJPISL7JDA (<https://sede.seguridadaerea.gob.es/sede-aesa>)

2.1.9. O día 30/01/2025 (registro de entrada 2025-E-RE-138), Pablo Rivas Cortes, en representación do solicitante achega a seguinte documentación:

- Escritura de nombramento de Pablo Rivas Cortes como administrador único do solicitante (Gestora de planeamiento de suelo, S.L.), con data 03/11/2023.

2.2. Análise do contido do proxecto:

De conformidade coas determinacións aplicables e nos termos dos artigos 142 e 143 da LSG e artigos 348, 352 a 358 RLSC, pásanse a analizar a continuación, as determinacións esixibles ao control municipal dos actos de transformación, construción, edificación e uso do solo ou do subsolo suxeitos a licenza municipal.

2.3. Control documental:

Conforme ao artigo 353 do Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, a solicitude de licenza conterá os seguintes datos e documentos:

TÁBOA 1.CONTIDO MÍNIMO DA SOLICITUDE LICENCIA				
Condición		Referencia legal	Revisión	Observacións
1.	Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para efecto de notificacións.	Art. 353.2.a RLSC	PRESENTA	
2.	Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos deste, a súa localización e a edificación ou inmovible a que afecte, así como a súa referencia catastral.	Art. 353.2.b RLSC	PRESENTA	
3.	Xustificante de pagamento dos tributos municipais.	Art. 353.2.c RLSC	PRESENTA	
4.	As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se indica no artigo 353.2.d do RLSC:	Art. 353.2.d RLSC	PRESENTA	
	- Xustificación técnica das solucións propostas de conformidade coas especificacións requiridas pola normativa técnica aplicable (art.6.3.a) RD 314/2006, 17		PRESENTA	

	de marzo, polo que se aproba o CTE e o seu Anexo I. (Contido do proxecto)			
	- Memoria urbanística		PRESENTA	
	- Xustificación do establecido no artigo 216 do RLSG (normas de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe; art. 91 da LSG)		PRESENTA	
	- Planos de proxecto		PRESENTA	
	- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa sectorial.		PRESENTA	
5.	Os proxectos de obras irán acompañados do correspondente oficio de dirección destas, no cal se identificará o técnico ou técnicos aos cales se lles teñen encomendadas.	Art. 353.2.e RLSG	PRESENTA	
6.	Cando non sexa exixible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible en que se pretenda levar a cabo.	Art. 353.2.f RLSG	-	Non procede
7.	No caso de solicitudes de licenza de primeira ocupación de edificacións, certificado final de obra de persoa técnica competente en que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.	Art. 353.2.g RLSG	-	Non procede
8.	Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras.	Art. 353.2.h RLSG	-	Non procede
9.	Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles.	Art. 353.2.i RLSG	PRESENTA	
10.	De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.	Art. 353.2.j RLSG	-	Non procede

Tras a revisión do proxecto e a documentación que acompaña o expediente, e co fin de realizar as comprobacións técnicas indicadas no artigo 354.3 do RLSG, cómpre indicar os seguintes resultados:

TÁBOA 2. CONTIDO DO PROXECTO TÉCNICO Nivel de control: Proxecto básico		Proxecto	Revisión (observacións)
Documentos prescritos polo CTE (Anexo I da Parte 1)	Memoria descritiva		PRESENTA
	Memoria construtiva: sustentación do edificio		PRESENTA
	Cumprimento do CTE: Seguridade en caso de incendio		PRESENTA
	Plano de situación		PRESENTA
	Plano de emprazamento		PRESENTA
	Plano de urbanización	Presenta aclaración relativa a que a conexión dos servizos proceden da edificación orixinal anexa a edificación obxecto da ampliación.	PRESENTA
	Plantas xerais		PRESENTA

	Planos de cubertas		PRESENTA
	Alzados e seccións		PRESENTA
	Orzamento aproximado	Inclúese no proxecto o presuposto e medicións detalladas. PEM: 29.001,85€	PRESENTA
Outras lexislacións de obrigado cumprimento	Accesibilidade (Lei 10/2014 – D35/2000)	Presenta xustificación relativa a que as vivendas unifamiliares de titularidade privada e uso residencial están exentas.	XUSTIFICA
	Estudo de seguridade e saúde ou Estudo básico.	Estudio básico de seguridade e saúde	PRESENTA
	D 29/2010 Normas de habitabilidade de vivendas	Presenta xustificación relativa ó cumprimento das NHV asimilando o uso o de un rocho.	PRESENTA
	RD 105/2008 produción e xestión de residuos da construción		PRESENTA

TÁBOA 3. CONTIDO DO PROXECTO TÉCNICO Nivel de control: Proxecto de Execución		Proxecto	Revisión (observacións)
Memoria construtiva	Descrición das solucións adoptadas non incluídas no proxecto básico		PRESENTA
Cumprimento do CTE	DB-SE		PRESENTA
	DB-SUA		PRESENTA
	DB-HS		PRESENTA
	DB-HR	Presenta xustificación relativa a que non é de aplicación, segundo o establecido no “Ámbito de aplicación” do DB.	XUSTIFICA
	DB-HE		XUSTIFICA
Anexos á Memoria	Información xeotécnica		PRESENTA
	Cálculo da estrutura		PRESENTA
	Instalacións do edificio		PRESENTA
	Eficiencia enerxética		NON PROCEDE
	Estudo de impacto ambiental	Presenta xustificación en apartado “JUSTIFICACIÓN DECRETO 143/2016...”	XUSTIFICA
	Plan de control de calidade		PRESENTA
Planos	Planos de estrutura		PRESENTA
	Planos de instalacións		PRESENTA
	Planos de definición construtiva		PRESENTA
	Memorias gráficas		PRESENTA
Pregos de condicións			PRESENTA
Medicións e Presupostos	Presuposto detallado		PRESENTA

*A intervención municipal a través da licenza urbanística non comprende o control dos aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural das construcións, ás condicións de montaxe das instalacións ou á calidade dos elementos ou materiais empregados, cuxa responsabilidade é exclusiva do proxectista, da dirección técnica, da promotora ou da empresa construtora ou instaladora.

2.4. Obras proxectadas:

Segundo o indicado en proxecto, as obras consisten nunha edificación auxiliar "...con las mismas características constructivas del inmueble existente, con muros de mampostería, pilares de apoyo de granito, estructura de cubierta de madera, y cerchas tipo del mismo material, con acabado de cubierta de teja curva (tipo país) a dos aguas."

2.5. Cumprimento das previsións da normativa urbanística vixente:

2.5.1. Réxime urbanístico do solo

O solo onde se sitúa a edificación que se pretende recuperar está clasificado como Solo de Núcleo Rural Tradicional, segundo o establecido no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda.

O concello de Silleda conta cun PXOM aprobado provisionalmente o 18/03/2016 e definitivamente o 23/12/2022, con entrada en vigor o 8 de maio de 2023, polo que é de aplicación a disposición transitoria 2ª da LSG e o punto 1.c) da disposición transitoria 1ª da LSG. En consecuencia:

- c) Ao solo núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, salvo no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás cales será de aplicación o previsto no artigo 40 da LSG.

A edificación obxecto do presente informe encóntrase próxima aos elementos catalogados "Capela da casa de Sestelo" (ficha 29.02), "Casa de Sestelo ou da Fábrica" (ficha 29.03), "Pombal en Sestelo" (ficha 29.09), "Hórreos en conxunto da casa de Sestelo" (ficha 29.10) e varios hórreos existentes na parroquia de Siador (San Miguel). Por tanto, é necesario o sometemento ao correspondente informe do órgano sectorial competente na materia, para a concesión de título habilitante de obras e usos nos elementos catalogados e nos seus contornos de protección e zonas de amortecemento.

O Plan Básico Autonómico, aprobado definitivamente o 26 de xullo de 2018, establece para a zona de actuación contida no proxecto de referencia as seguintes afeccións:

Afección	Figura
Servidumes Aeronáuticas	RD 763/2017 Aproximación ao Aeroporto de Santiago
Patrimonio Cultural	Casa de Sestelo / A Fábrica

No que se refire as afeccións sectoriais, consta no expediente:

- Autorización do "Servizo de Coordinación Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades", para a "Recuperación de edificación auxiliar" (expediente nº 307/21), situada en Sestelo, 5 (referencia catastral 36052A056003660000KQ), parroquia de San Miguel de Siador, concello de Silleda. Documento con data 27/06/2022 e CVE: E0p78CDQflv6 (<https://sede.xunta.gal/cve>)
- Autorización de AESA, con data "14 enero 2025", e CSV: AESASRVAAISA000J2184MJPSL7JDA (<https://sede.seguridadaerea.gob.es/sede-aesa>)

2.5.2. Condicións urbanísticas:

A ordenanza aplicable ao "Núcleo Rural Histórico Tradicional", regúlase na subsección 1ª, da sección 1ª, do capítulo III, do Título III das Normas VII da ordenanzas reguladoras da normativa urbanística do vixente PXOM.

Pese a isto, para as "Edificacións existentes de carácter tradicional", pódese aplicar o indicado no artigo 40 da LSG:

1. As edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico poderán ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos.
2. Previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables excepto o límite de altura, permitirá a súa reforma, rehabilitación e reconstrución e a súa ampliación, mesmo en volume independente, sen que a ampliación poida superar o

50% do volume orixinario da edificación tradicional. En calquera caso, deberán manterse as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.

3. Para os efectos do previsto neste artigo, considéranse edificacións tradicionais todas as edificacións existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma sobre o réxime do chan e ordenación urbana, con independencia da súa tipoloxía.

4. O previsto neste artigo entenderase sen prexuízo das previsións establecidas nas normativas sectoriais que resulten de aplicación.

Por tanto, en canto aos parámetros urbanísticos establecidos polo PXOM para este ámbito, non son de aplicación nos supostos de "...ampliación, mesmo en volume independente, sen que a ampliación poida superar o 50% do volume orixinario da edificación tradicional..." do artigo 40 da LSG, salvo o límite de altura, que si se cumpre segundo o proxecto da edificación auxiliar.

Por tanto, as obras que se pretenden levar a cabo, teñen encaixe na aplicación do artigo 40 da LSG.

3. CONCLUSIÓNS:

Á vista da documentación presentada, e no que se refire ao estrito cumprimento dos aspectos urbanísticos obxecto de control municipal previo á concesión de licenza de obras, e sen prexuízo doutros informes que procedan, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o presente expediente para os traballos contemplados no "Anexo para edificación auxiliar del proyecto básico y de ejecución de rehabilitación de edificio para vivienda unifamiliar", asinado pola arquitecta Alicia Gómez Bala, con data "Febrero 2023", visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, visado nº 2204248,3 de 28.02.2023, así como nas modificacións posteriores o mesmo recollidas nos antecedentes, con números de visado 2204248,4; 2204248,5 e 2204248,6; sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Seguirase integramente o preceptuado nos condicionantes da autorización sectorial con número de expediente G24-0588, outorgada por AESA, con CSV: AESASRVAAISA000J2184MJPL7JDA (<https://sede.seguridadaerea.gob.es>).
- Previamente o inicio das obras, instálase na fachada principal da vivenda cartel informativo co número de licenza, seguindo o formato establecido polo Concello de Silleda (<https://silleda.es/concelleria-de-urbanismo-medio-ambiente-obras-e-servizos/urbanismo/modelo-cartel-de-obra>).
- No caso que sexa necesaria ocupación de vía pública para a realización das obras, solicitarase previamente autorización o Concello de Silleda.

Ademais consígnanse os seguintes aspectos para que a resolución que outorgue a licenza os conteña, segundo require o artigo 357.4. do RLSG:

ASPECTO	ACTUACIÓN DE REFERENCIA
Clasificación urbanística do solo	Solo de núcleo rural
Cualificación urbanística do solo	Solo de núcleo rural tradicional
Finalidade da actuación	Anexo para edificación auxiliar do proxecto básico e de execución de rehabilitación de edificio para vivenda unifamiliar
Altura, volume e ocupación de parcela permitidos	Artigo 40 da LSG. Hasta 50% do volume orixinario da edificación
Superficie construída	75 m ²
Orzamento de execución material	29.001,85€
Referencia catastral	36052A056003660000KQ
Referencia rexistral	non consta

Nome ou razón social do promotor		Gestora de planeamiento de suelo, S.L. (B81871634)
Técnicos	Autor/es do Proxecto	Alicia Gómez Bala (Colexiado 1275 COAG)
	Director/es de Obra	Alicia Gómez Bala (Colexiado 1275 COAG)
	Director/es de execución de Obra	Juan Jesús Rodríguez Núñez (Colexiado VR785 COATPO)
	Coordinador de seguridade e saúde	Juan Jesús Rodríguez Núñez (Colexiado VR785 COATPO)
Prazos das obras	Inicio	Máximo 6 meses dende a concesión de licenza
	Remate	Máximo 3 anos dende a concesión de licenza
	Posibilidade de prórroga	Si

Segundo o artigo 12 do Regulamento de servizos das Corporacións Locais, a licenza concederase salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto técnico que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado.

Documento asinado por Elías González Roma, en Silleda, na data da sinatura electrónica.”

10º.- Consta no expediente informe xurídico asinado pola Secretaria do Concello o 24 de febreiro de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

O artigo 142 da LSG recolle as **Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:**

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.
2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de

acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

